



**Ast.º: Certificado do decreto da adxudicación definitiva**  
**Ref.ª: Contrato derivado do Expdte. O. 01/10 (A. 01/10)**

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia deste Consorcio, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día vinte e sete de outubro de dous mil dez (27.10.2010) o sr. presidente adoptou a resolución contida no decreto que a continuación queda transcrito:

---

<< Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña,>>  
(...) << a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente das obras co núm. O. 01/10 (A. 01/10) correspondente ás de ampliación de garaxe vehículos intervención e aula no Parque comarcal de Bombeiros de Carballo, e atendidos os seguintes

**antecedentes:**

1. Os que, como tais, constan na resolución desta Presidencia contida no decreto de data 15 de outubro de 2010, en virtude cal adxudicábase provisionalmente o contrato comprendido no dito expediente de obras O. 01/10 (A. 01/10).
2. Que na propia data do 15 de outubro de 2010, inseriuse no perfil do contratante o certificado da adxudicación provisional, constando tamén que tamén, nesa data, realizáronse as actuacións seguintes:
  - O anticipo, mediante Fax, ao adxudicatario provisional da notificación (con Rexistro Xeral Saída: 516/15.10.2010) da adxudicación provisional, indicándose, no dito anticipo, o aviso da publicación da mesma no perfil do contratante.
  - As notificacións cursadas á totalidade dos licitadores consultados, mediante correo certificado constando no expediente as recepcións das mesmas.
3. Que publicada como antecede a adxudicación provisional no perfil do contratante, comezou contar o prazo para:
  - A presentación, polo adxudicatario provisional, da documentación correspondente á que fai referencia a cláusula 16ª.2 do prego de administrativas particulares.
  - A elevación a definitiva da adxudicación provisional cumpridos os extremos aos que fai referencia a propia cláusula 16ª.2 citada.
4. Que, en relación co contido do apartado anterior, constan no expediente:
  - A presentación, polo adxudicatario provisional, da totalidade dos documentos correspondentes aos que fai referencia a cláusula 16ª.2 do prego de administrativas particulares, incluíndo a garantía definitiva, dentro do prazo outorgado naquela.
5. Que, finalmente, consta a fiscalización da Intervención, previa á adquisición do compromiso de gasto que a adxudicación definitiva leva consigo aparelada.

Sobre a base dos antecedentes expostos e cumpridos en consecuencia, os requisitos esixidos ao efecto pola Cláusula 16ª.2 do prego de administrativas citado, no uso da competencia establecida na Disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, así como, atendida o resto da normativa de aplicación segundo se cita na resolución desta Presidencia citada, mediante o presente

**R E S O L V O :**

**1º.** Elevar a definitiva a adxudicación provisional aprobada pola citada resolución desta Presidencia contida en decreto de data 15 de outubro de 2010, do contrato de obras comprendido no expediente núm. O. 01/10 (A. 01/10) e realizada a favor de a "CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMÁN MOUZO, S.L.", polo prezo por este ofertado, que mellora á baixa ao de licitación e que ascende a cantidade de 116.186,44€ (cento dezaseis mil cento oitenta e seis euros con corenta e catro céntimos), máis a partida correspondente ao I.V.E., consonte ao seguinte:

	CIFRA	LETRA
Prezo base ofertado	116.186,44€	Cento dezaseis mil cento oitenta e seis euros con corenta e catro céntimos.-
Imposto sobre o valor engadido (18%)	20.913,56€	Vinte mil novecentos trece euros con cincuenta e seis céntimos.-
Total ofertado incluído o I.V.E.	137.100,00€	Cento trinta e sete mil cen euros con cero céntimos.-



Asemade, corríxese o erro padecido na transcripción (letra) da división nas partidas que figura na indicada resolución da adxudicación provisional.

**2º.** Dispoñer o gasto que comporta a presente adxudicación con cargo á partida 135B2.622.00 do Estado de Gastos do vixente Orzamento de 2010.

**3º.** Notificar a presente á totalidade dos licitadores, incluído o adxudicatario definitivo, a quen se citará para a formalización do contrato administrativo que, en todo caso, haberá de subscribirse no prazo máximo dos dez días hábiles desde o seguinte ao da indicada notificación.

**4º.** Contra o presente acto comprensivo da adxudicación definitiva, que pon fin á vía administrativa (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común), poderá interpoñerse polos interesados e, especialmente, polos licitadores, ante a Presidencia deste Consorcio e postestativamente, recurso de reposición, dentro do prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da dita notificación da adxudicación definitiva e, notificación da adxudicación definitiva e, en tal caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso – administrativo, ata en tanto que o de reposición sexa resolto de forma expresa ou se producira a súa desestimación presunta (art. 116.2 da citada Lei 30/1992, de 26 de novembro). O prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo posterior ao de reposición será:

a) De dous meses desde o día seguinte ao da recepción da notificación de la resolución expresa del recurso de reposición.

b) Caso de non se dictar resolución expresa, o prazo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado presuntamente o recurso de reposición.

Poderá, nembargante, interpoñerse directamente o recurso contencioso - administrativo ante o Iltmo. Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous (2) meses contados a partires do día seguinte ao da recepción da notificación do presente acto da adxudicación definitiva (todo isto, consonte a canto queda establecido ao efecto pola Disposición adicional décimo carta d Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que modificou o art. 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, así como arts. 46.4 e 116.2 desta última).

**5º.** Publíquese certificación desta resolución no perfil do contratante así como nos diarios ou boletíns oficiais que corresponda na forma regulamentariamente establecida, aos efectos de transparencia, publicidade, público coñecemento e cumprimento do disposto na cláusula 16ª do prego de administrativas particulares e emítase, así mesmo, a correspondente certificación para a súa unión ao expediente de orixe, O. 01/10 (A. 01/10), e como anexo que corresponda ao contrato que formaliza esta adxudicación segundo se cita no apartado 3º da mesma.

<<Rematado (...)>>

---

E para que así conste e na unión cos documentos que proceda, xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación no cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do sr. presidente en Carballo, a vinte e sete de outubro de dous mil dez.

**V.º e pr.**  
**O presidente,**

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez